

Chegou o tempo do cambio para a educación, as políticas neoliberais implantadas polo PP a través da LOMCE e dos recortes teñen que rematar. Que sexamos quén de crear un sistema educativo público, laico, participativo, democrático e ao servizo da xente ou que permitamos que se lle dea una nova forma ás políticas deseñadas pola OCDE e a dereita depende de tod@s nós. Que Galicia, con competencias en educación, teña a presenza e a influencia que lle corresponde no futuro da educación depende de tod@s nós.

Como sabedes, a MAREA VERDE DO ENSINO non é unha organización no sentido tradicional, carece de estruturas de representación, só temos portavoces, compañeir@s que traballan por manter e darlle continuidade a marea. A Marea Verde é un espazo de participación de toda a comunidade educativa, onde cabe toda a xente, a que está inscrita en partidos e sindicatos e a que vai por libre, persoas con diferentes experiencias, idades e ideoloxías, só importa o que nos une, a defensa dun modelo educativo ao servizo da xente e non do mercado.

A MAREA VERDE DO ENSINO naceu no Val Miñor hai tres anos. No 2014, en Panxón, organizamos as primeiras xornadas estatais das Mareas pola Educación Pública e seguimos levando a nosa voz ás xornadas de Madrid e Málaga nas que acordamos a CARTA POLA EDUCACIÓN, documento aberto no que reflectimos o modelo educativo que defendemos. Nas próximas xornadas, que serán en xullo en Albacete, seguiremos completando o documento, que será a nosa achega para acordar coas restantes forzas sociais, políticas, sindicais, MRPs etc. unha nova Lei Educativa.

Nestes tres anos, con subidas e baixadas, como corresponde a unha marea, con xente que se suma e outra que se retira, fomos quen de estar presentes na zona sur de Pontevedra, pero non nos conformamos, queremos que a voz do resto de Galicia se sume a Marea, ter portavoces da Coruña, Ourense e Lugo e por iso convocamos a I Asemblea Galega Da Marea Verde do Ensino o sábado 18 de xuño de 11:00 a 13:00, en Compostela, no local de *Compostela Aberta*, na Praza do Toural.

Grazas pola vosa atención.